

Museo do Ferrocarril de Galicia



¿Como é o museo de Tren?

O Museo do Ferrocarril de Galicia atópase na cidade ferroviaria de Monforte de Lemos, localidade que creceu social e economicamente ó abeiro das vellas locomotoras de vapor. O museo sitúase nas antigas instalacións do depósito de tracción vapor, un dos máis importantes do norte de España na súa época.

O museo ferroviario conserva edificacións da arqueoloxía industrial ferroviaria dos tempos do vapor entre a que se encontra a nave da rotonda, edificio en forma de ferradura con 38 vías radiais e ponte transbordadora xiratoria. Este complexo é único en España polas súas dimensións.

As instalacións do museo monfortino contan cunha importante colección de locomotoras e vagóns en estado operativo o que permite o seu uso en trens históricos que circulan pola rede viaria galega.

O museo do tren tamén dispón dun parque temático ferroviario polo que transitan trens tripulados a pequena escala onde os nenos poden converterse en maquinistas ou xefes de estación.

¿En que consiste a visita ó museo?

As visitas guiadas están pensadas tanto para maiores como para nenos en idade escolar. Son moitos os colexios que xa programan saídas en grupo ó Museo do Ferrocarril de Galicia para saber un pouco máis da historia deste medio de transporte que foi fundamental no desenvolvemento da nosa comunidade.

A visita ó museo do tren considera un percorrido pola nave de restauración onde se encontran as mellores e máis importantes locomotoras e coches de viaxeiros que circularon por Galicia. As visitas organizadas en grupo ofréceneselles a posibilidade de realizar un percorrido polo complexo arquitectónico do museo nun mini-tren propio. A visita péchase coa visualización dun documental sobre a historia do ferrocarril da nosa comunidade.

Importe visita: 3 €/pers.

(Descontos para grandes grupos)

Para concertar a súa visita pode dirixirse a:

- Teléfono: 982.41.84.21
- E-mail: muferga@muferga.es